**RESOLUCIÓN**

**Nº expediente.- 2026/EGFAB/000112**
**BDNS (Identif.): 917335**

**Asunto: Concesión de subvencións a asociacións veciñais e entidades culturais sen ánimo de lucro do Concello de Oleiros para a realización de actividades no ano 2026.**

***Antecedentes***

**I.-** Mediante Resolución da Sétima Tenenta de Alcalde, Delegada de Cultura, Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude, nº 2026003862, do 02/07/2026, aprobouse a convocatoria de subvencións a asociacións veciñais e entidades culturais sen ánimo de lucro do Concello de Oleiros para a realización de actividades no ano 2026.

**II.-** O anuncio da convocatoria foi publicado no BOP nº 129, de 10/07/2026, por medio da BDNS, abríndose o prazo para a presentación de solicitudes. As solicitudes presentadas dentro do prazo foron as seguintes:

- Entidades culturais e veciñais:
  - ✓ AA.VV. A RÍA
  - ✓ AA.VV. O HÓRREO DE IÑÁS
  - ✓ AA.VV. OS RUEIROS
  - ✓ AA.VV. SAN ANTÓN DE DEXO
  - ✓ AA.VV. SAN COSME DE MAIANCA
  - ✓ AA.VV. SANTAIA
  - ✓ AGRUPACIÓN ARTÍSTICA SEMENTE NOVA
  - ✓ AGRUPACIÓN CULTURAL A MAROLA
  - ✓ AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA FOLLIÑAS
  - ✓ ASOCIACIÓN CORAL AIRIÑOS DE NÓS
  - ✓ ASOCIACIÓN CORAL LEMBRANZAS SANTA CRUZ
  - ✓ ASOCIACIÓN CORAL POLIFÓNICA DE MERA
  - ✓ ASOCIACIÓN CORO DE OLEIROS
  - ✓ ASOCIACIÓN CULTURAL O AMANEXO
  - ✓ ASOCIACIÓN OCIO INCLUSIVO OLEIROS
  - ✓ CENTRO CULTURAL E INSTRUCTIVO
  - ✓ SCR AMIGOS DE LORBÉ

- Comisións de festas:
  - ✓ ASOCIACIÓN CULTURAL COFRADIA DE SANTA ANA DE MERA
  - ✓ ASOCIACIÓN CRD FESTAS DO MAR DE MERA
  - ✓ AA.VV. O HÓRREO DE IÑÁS
  - ✓ COMISIÓN DE FESTAS SAN ANTÓN DE DEXO



A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/validacion mediante o CSV:WYMZG3FVIA8ZBSUM

***Fundamentos***

**1º.-** O artigo 3 da Convocatoria aprobada o 02/07/2026 dispón o seguinte:

*"3.1.Poderán ser beneficiarias das subvencións ao abeiro das presentes bases as entidades veciñais, culturais, xuvenís e outras entidades sen ánimo de lucro, así como as entidades organizadoras das festas patronais, que cumpran os seguintes requisitos:*

*a) Estar legalmente constituídas.*
*b) Figurar inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Oleiros antes do 31/12/2025.*
*c) Ter un número mínimo de trinta e cinco socios, agás as entidades cuxa única finalidade sexa a organización das festas patronais.*
*d) Desenvolver as súas actividades dentro do término municipal de Oleiros.*
*e) Non estar incursa en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.*
*f) Ter domicilio social e fiscal en Oleiros.*
*g) Estar ao corrente das súas obrigas coa AEAT, coa Seguridade Social e co Concello de Oleiros.*
*h) Non ter pendente a xustificación dalgunha subvención anterior ou, no seu caso, ter reintegrado o importe non xustificado.*
*i) O persoal ao que corresponda a realización de actividades cumprirá o requisito previsto no artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.*

*3.2.A ausencia dos requisitos sinalados nos parágrafos g) e h) será subsanable antes da concesión, previo requirimento ao efecto."*

**2º.-** As entidades cuxas solicitudes presentaban eivas ou carencias emendables foron requiridas para corrixilas, respondendo todas elas en prazo.

**3º.-** O 07/10/2026 reuniuse a Comisión de Valoración, a efectos de avaliar as solicitudes formulando o correspondente informe.

**4º.-** Atendendo ao informe da Comisión de Valoración, o órgano instrutor emitiu a súa proposta á Sétima Tenenta de Alcalde Delegada de Cultura, Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude o 08/10/2026, que foi informada favorablemente pola Intervención Municipal o 09/10/2026.

Á vista do actuado, e correspondendo a esta Tenencia de Alcaldía a concesión das subvencións, en exercicio das facultades delegadas mediante Decreto de Alcaldía número 2023003281, de 21 de xuño de 2023,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Non admitir a trámite a solicitude da Comisión de Festas de San Antón de Dexo por non cumprir co requisito de figurar inscrita no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Oleiros antes do 31/12/2025, esixido na bases 3.1.b) da convocatoria.

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/validacion mediante o CSV:WYMZG3FVIA8ZBSUM

**Segundo.-** Dispoñer o gasto e conceder ás entidades culturais e veciñais que se relacionan a continuación as subvencións que se detallan:

| CIF | ENTIDADE | ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS | CONCESIÓN |
|---|---|---|---|
| G15100449 | AA.VV. A RIA | 1. Iudo.<br>2. Ioga-pilates.<br>3. Costura.<br>4. Artesanía textil.<br>5. Encaixe de bolillos.<br>6. Ximnasia.<br>7. Bailes latinos.<br>8. Tai-chi.<br>9. Festas dos Reis Magos.<br>10. Festa do Entroido.<br>11. Excursión cultural.<br>12. Obradoiro de bordado ao aire libre. | 3.837,26 € |
| G15228802 | AA.VV. O HÓRREO DE IÑÁS | 1. Festa de Reis Magos (Nadal).<br>2. Festa do Entroido.<br>3. Excursión a Portugal.<br>4. Samaín. | 2.425,69 € |
| G15040744 | AA.VV. OS RUEIROS | 1. Grupo de música Os Rueiriños.<br>2. Viaxe a Madridejos, Toledo.<br>3. Festival de Nós.<br>4. Festa de Reis.<br>5. Festa de Entroido.<br>6. Magosto. | 4.030,14 € |
| G15251853 | AA.VV. SAN ANTÓN DE DEXO | 1. Obradoiro de costura.<br>2. Pilates.<br>3. Ximnasia deportiva.<br>4. Cabalgata de Reis.<br>5. Festa de Entroido.<br>6. Festa do San Xoán.<br>7. Viaxes culturais (3 viaxes).<br>8. Samaín.<br>9. Obradoiros de construción e uso de cociñas solares. | 3.472,82 € |



A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/validacion mediante o CSV:WYMZG3FVIA8ZBSUM

| | | | |
|---|---|---|---|
| G15697550 | AA.VV. SAN COSME DE MAIANCA | 1. Costura.<br>2. Cestería.<br>3. Creación artística.<br>4. Ximnasia de mantemento.<br>5. Pilates.<br>6. I Festival das Letras Galegas.<br>7. Saída cultural a Ponferrada (León).<br>8. Saída cultural a Cangas do Morrazo.<br>9. Saída cultural a Celanova.<br>10. Saída cultural a Muxía.<br>11. Unha das nosas 8M.<br>12. Festa infantil-xentiña pequena.<br>13. Samaín-Xentiña pequena.<br>14. Nadal-xentiña pequena. | 3.794,12 € |
| G15100167 | AA.VV. SANTAIA | 1. Festa de Reis.<br>2. Actuación en Palencia.<br>3. Gala de fin de curso RAIZAME 26.<br>4. Día da Patria Galega.<br>5. Semana Cultural.<br>6. Escola de baile, gaitas, percusión, pandeireta e canto. | 4.386,45 € |
| G15044787 | AGRUPACIÓN ARTÍSTICA SEMENTE NOVA | 1. Concerto con Amigos da Guitarra de Barakaldo.<br>2. Clases de gaita e percusión.<br>3. Bordado ao aire. | 1.807,70 € |
| G15162902 | AGRUPACIÓN CULTURAL A MAROLA | 1. Festival de outono.<br>2. Intercambio Ribeira.<br>3. Concurso de baile a Ruada.<br>4. Cursos de baile, cantareiras, percusión e gaita galega. | 3.175,39 € |
| G15122310 | AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA FOLLIÑAS | 1. Clases de baile galego.<br>2. Clases de canto e pandeireta.<br>3. Actuación fin de curso.<br>4. Actuación en Portugal. | 3.644,38 € |
| G70031786 | ASOCIACIÓN CORAL AIRIÑOS DE NÓS | 1. Viaxe intercambio coa Coral de Portonovo.<br>2. Viaxe intercambio coa Coral de Muxía.<br>3. Viaxe intercambio coa Coral Puebla de Sanabria.<br>4. Intercambio coa Coral de Ponferrada.<br>5. Certame de Corais en Nós.<br>6. Certame de Corais en Nós.<br>7. Viaxe intercambio coa Coral Casa de Tondela, Portugal. | 2.317,08 € |
| G15533953 | ASOCIACIÓN CORAL POLIFÓNICA LEMBRANZAS SANTA CRUZ | 1. Concerto de primavera en Ferrol.<br>2. Xuntanza corais en Cariño.<br>3. Clases de técnica vocal. | 2.791,66 € |

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/validacion mediante o CSV:WYMZG3FVIA8ZBSUM

| | | | |
|---|---|---|---|
| V15341472 | ASOCIACIÓN CORAL POLIFÓNICA E MERA | 1. Festival de Amizade.<br>2. XXXV Aniversario.<br>3. XXXV Xuntanza de Corais.<br>4. Actuación en Meira no festival de Habaneras.<br>5. Actuación en Tapia de Casariego (Asturias).<br>6. Actuación no Certame de Nadal en Corcubión. | 1.673,47 € |
| G15549264 | ASOCIACIÓN CORO OLEIROS | 1. Clases de música e canto coral.<br>2. Organización e participación en eventos. | 1.894,77 € |
| G70159868 | ASOCIACIÓN CULTURAL O AMANEXO | 1. Clases de canto, pandeireta e baile tradicional.<br>2. Clases de gaita e percusión tradicional.<br>3. XII Festa Amanexa. | 2.792,16 € |
| G70586649 | ASOCIACIÓN OCIO INCLUSIVO | Actividades de lecer inclusiva:<br>1. Programación mensual de actividades de lecer.<br>2. Programación de respiro familiar.<br>3. Campamentos de: Nadal, Semana Santa e San Xoán. | 2.223,69 € |
| G15042930 | CENTRO CULTURAL E INSTRUTIVO | 1. Viaxe cultural a Ribadavia.<br>2. Viaxe cultural en setembro. | 837,50 € |
| G15078066 | SCR AMIGOS DE LORBÉ | 1. Pilates.<br>2. Costura.<br>3. San Xoán.<br>4. Viaxe Cultural.<br>5. Bailes latinos.<br>6. Música.<br>7. Festa da Candeloria.<br>8. Magosto.<br>9. Actividade deportiva integral. | 2.895,72 € |
| | | **TOTAL:** | **48.000,00 €** |

**Terceiro**.- Dispoñer o gasto e conceder ás entidades organizadoras de festas patronais que se relacionan a continuación as subvencións que se detallan:

| CIF | ENTIDADE | ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS | PROPOSTA |
|---|---|---|---|
| G15795750 | A.C. COFRADÍA SANTA ANA DE MERA | Concerto de "Os Revenidos" na Festa Galega. | 1.200,00 € |
| G70526421 | ASOC. CRD FESTAS DO MAR DE MERA | Fogos artificiais. | 600,00 € |
| G15228802 | AA.VV. O HÓRREO DE IÑÁS | Fogos artificiais. | 1.200,00 € |
| | | **TOTAL:** | **3.000,00 €** |

***Cuarto.-*** Recoñecer as obrigas polos importes sinalados ás entidades devanditas, tendo en conta que deberá reterse unha garantía por importe do 40% das cantidades concedidas.



A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/validacion mediante o CSV:WYMZG3FVIA8ZBSUM

***Quinto.-*** Notificar a presente Resolución mediante a súa publicación na Sede Electrónica Municipal.

***Recursos.-*** Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes.

*En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sétima Tenenta de Alcalde, delegada de Cultura e Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude, e o Secretario xeral, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).*

Firmado por: JUAN LUIS GONZALEZ IGLESIAS - ***7859**
Cargo O Secretario Xeral
Firmado a: 09/10/2026
Decreto/Resolución nº 2026005932

Firmado por: MARIA JOSE SANTOS ZAS - ***9639**
Cargo A 7ª Tenenta de Alcalde Delegada de Cultura, Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude
Firmado a: 09/10/2026

A autenticidade deste documento, asinado electronicamente, pode ser comprobada en https://sede.oleiros.org/validacion mediante o CSV:WYMZG3FVIA8ZBSUM